

D. MANUEL ANTELO PAZOS, ALCALDE DO CONCELLO DE VIMIANZO

FAI SABER:

Que na sesión do Pleno do Concello desenvolvida o día 26 de setembro de 2015 se adoptou un acordo relativo ao cumprimento da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Neste acordo instase ás persoas propietarias de fincas forestais colindantes con núcleos rurais ou incluídas dentro dos mesmos, para que cumpran co establecido na dita lei, limpar as súas propiedades antes do 30 de xuño.

En caso de que as persoas propietarias non cumpran o establecido o Concello levará a cabo as medidas correspondentes de forma subsidiaria.

A prevención de incendios a través da limpeza das fincas dentro e carón dos núcleos é unha medida para evitar os danos ás vivendas e ás persoas. Por desgraza, nos meses de verán vemos como o lume ameaza aos nosos lugares, como aconteceu este ano en algunha parroquia vimiancesa. Vale máis previr que lairse.

Se algunha persoa necesitare máis información acerca das ditas obrigas pode dirixirse as dependencias municipais onde se lle asesorará en todo o relativo ás limpeza.

O que se fai público para coñecemento de todas as persoas interesadas.

Vimianzo, 15 de outubro de 2015

O alcalde



Manuel Antelo Pazos